

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 05/07/2021**  
**(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

MATILDE LAYA LORENZO

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de non asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO

LINO MOURIÑO SANTIAGO

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 05/07/2021 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 28-jun-2021, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2021/2394**

Dáse conta do escrito presentado pola Comunidade Propietarios de Aquilino Iglesias Alvariño 17, 19 e 21, sobre rapaces xogando ao fútbol na zona verde fronte á súa comunidade. A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda comunicarlle que no momento en que se producan estas molestias deben chamar á Policía Local.

**PRP2021/2395**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Daisy Alcalde Monteagudo, solicitando autorización para celebrar o evento Festivalia na Praza II República os días 18 e 19 de setembro, en horario de 09:00 a 23:59 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 vixente.

#### **PRP2021/2396**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ana María Granja Guillán solicitando unha marquesiña para a parada de autobús situada na rúa Pino Manso en Cornazo, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e visto o informe da Policía Local acorda comunicarlle que efectivamente o autobús da liña regular nalgunha ocasión, e segundo o tamaño do mesmo, fai cambio de sentido na zona ampla da rúa Pino Manso de Cornazo, aínda que a veciñanza e a empresa indican que se trata dunha parada na que non consta que se proceda á recollida/deixada de nenos/as, e que o número de usuarios soe de ser de poucas persoas.

En cando á non existencia de marquesiña, tamén na confluencia de dita rúa coa de Revelle tampouco a hai, posiblemente nesta última pola falta de espazo para a súa ubicación. Neste caso, tanto a empresa como a veciñanza, indican que o número de usuarios/as é bastante reducido.

#### **PRP2021/2397**

Dáse conta do informe da Policía Local en relación coa deficiente sinalización da parada de bus urbano situado na rúa Hospital do Salnés, estacionando vehículos non autorizados na mesma obstaculizando o servizo. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se pinte horizontalmente e delimite a zona.

Dar conta ao responsable de sinalización (Mario Vázquez).

#### **PRP2021/2398**

Dáse conta do informe da Policía Local en relación a queixas de veciños sobre estacionamentos indebidos na rúa Vázquez Leis. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a colocación de sinais fixas que prohiban o estacionamento na rúa a ambas marxes, ó inicio da rúa co panel complementario "en toda a rúa", e instalar sinal regulamentaria para limitar a velocidade a 20 km/h.

Dar conta ao responsable de sinalización (Mario Vázquez).

#### **PRP2021/2399**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Peycar Pontevedra, S.L. para o subministro de uniformidade para novos axentes de Policía Local, por un importe total de 3.665,09€ (IVE incluído), con cargo á partida 132.22104. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/2400**

Vista a proposta da Policía Local para aprobar o gasto da reparación do vehículo matrícula 0680GSX, por importe de 3.583,91€ informando que en dito vehículo na durante 2019, 2020 e 2021 invírteuse 7.975,54€ en reparacións.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a baixa de dito vehículo na Xefatura de tráfico e na póliza de seguro.

Dar conta á Policía Local, a Consumo e a Willis compañía mediadora de seguro.

#### **PRP2021/2401**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Tradeseegur, SA, para o subministro de 25 kits indiciarios Sotoxa para análise de 5 sustancias, e caixa de 25 Quantisal para recollida da segunda mostra de saliva, consumibles do equipo de detención de drogas, por un importe total de 1.573,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 132.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/2402**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Galicom Comunicaciones S.L. para o aluguer durante 3 meses de 10 equipos dixitales Motorola DMR portátiles por un importe de 2.153,80€, con cargo á partida 132-203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/2405**

Dáse conta do escrito presentado por O Sono de Lilith, solicitando autorización para realizar unha exposición na Praza de Galicia "Mulleres Creando" do 4 ao 24 de setembro de 2021, coa colocación de 10 paneis con base de formigón.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 vixente.

Así mesmo acordase comunicarlle que deberá poñerse en contacto co departamento de comunicación en relación coa dispoñibilidade e colocación dos 10 paneis con base de formigón.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2021/2173**

Dáse conta do convenio para a concesión dunha subvención á Entidade Fundación Asilo

Hospitalillo Residencia Divina Pastora, por importe de 15.000,00 €, para o desenvolvemento de actuacións no marco da atención de persoas maiores e/ou dependentes na Residencia - Fundación Asilo Hospitalillo durante o ano 2021, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.  
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio.

**PRP2021/2174**

Dáse conta do convenio para a concesión dunha subvención á Entidade Cruz Vermella O Salnés, por importe de 7.800,00€ para o desenvolvemento de actuacións e actividades dirixidas a paliar situacións de emerxencia social de carácter urxente e inmediato dirixidas a persoas en posible situación de risco de exclusión, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.  
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio.

**PRP2021/2175**

Dáse conta do convenio para a concesión dunha subvención á Entidade Cruz Vermella O Salnés, por importe de 84.000,00€ para o desenvolvemento de actuacións e actividades no marco de xestión e mantemento do Albergue destinado a persoas sen fogar e transeúntes, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.  
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio.

**PRP2021/2177**

Dáse conta da sinatura do Convenio para a concesión directa de subvención nominativa a favor de Amencer - Aspace (Princesa Leticia) por un importe de 3.000,00 €, con cargo á partida 231.48002 co fin de subvencionar o desenvolvemento de actuacións realizadas dende o centro destinadas a persoas en situación de discapacidade psíquica, física, sensorial ou mental durante o ano 2021.  
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2021/2178**

Dáse conta do convenio para a concesión dunha subvención á Entidade Asociación Española Contra el Cancer, por importe de 1.500,00€ para o desenvolvemento de actuacións e intervencións encamiñadas á sensibilización en relación á enfermidade do cancro, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.  
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio.

**PRP2021/2179**

Dáse conta do convenio para a concesión dunha subvención á Entidade Asociación Alcoholicos Rehabilitados Arousa - AREVA, por importe de 1.500,00 €, para o desenvolvemento de actuacións dirixidas a situacións persoais de dependencia de alcohol e persoas en procesos de rehabilitación, incluíndo a súa contorna familiar a través de intervencións integrais durante o ano 2021, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.  
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio.

**PRP2021/2182**

Dáse conta do convenio para a concesión dunha subvención á Entidade Acción contra el hambre, por importe de 17.000,00 €, para o desenvolvemento do Proxecto Vives Emprega durante o ano 2021, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio..

#### **PRP2021/2375**

Dáse conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello e a Asociación Apacos do centro ocupacional O Saiar, para a concesión dunha subvención, por importe de 1.500,00€, con cargo á partida 231.48002, para desenvolvemento de actividades e actuacións encamiñadas á atención integral de persoas en situación de discapacidade no marco das actividades promovidas dende o centro e a asociación de pais e nais, durante o ano 2021.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio.

#### **PRP2021/2384**

Dáse conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello e a Asociación Apacos do centro ocupacional O Saiar, para a concesión dunha subvención, por importe de 1.500,00€, con cargo á partida 231.48002, para desenvolvemento de actividades e actuacións encamiñadas á atención integral de persoas en situación de discapacidade no marco das actividades promovidas dende o centro e a asociación de pais e nais, durante o ano 2021.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio.

### **EMPREGO**

#### **PRP2021/2278**

Dáse conta da seguinte propomosta da Concelleira de Promoción Económica:

RIMEIRO. Como consta á XGL, no ano 2020 leváronse a cabo diferentes iniciativas e propostas para a recuperación económica, entre as que destacou pola súa efectividade tanto para a cidadanía como para o comercio local, a iniciativa BONOS SON DA CASA.

A iniciativa implicou unha inxección de fondos na actividade económica local en contía superior a 200.000 Euros

SEGUNDO. Ao longo do devandito ano, leváronse a cabo dúas edicións de bonos (coincidindo co tempo de verán e Nadal) que foron adquiridos na súa totalidade na súa totalidade polos cidadáns.

Porén, as circunstancias excepcionais concorrentes ao longo do ano 2020 e principalmente os peches perimetrais que afectaron tanto ao Concello de Vilagarcía como aos concellos limítrofes, provocaron que un número considerable de persoas adquirentes de bonos, se visen impedidas para consumir os mesmos nos comercios de Vilagarcía adheridos á iniciativa.

TERCEIRO. Que tal como recolle o acordo de XGL de data 16 de novembro de 2020, acordo relativo á posta en marcha da segunda edición de bonos do ano 2020... ao remate da anterior edición da iniciativa resta na conta da aplicación dixital de compra dos bonos (VIVETIX) a cantidade de 2.075 Euros correspondentes a bonos adquiridos e non gastados polos/as vilagarcíans ou non validados polos establecementos, e sendo o obxectivo da campaña que o produto dos bonos reverta directamente na economía local, dita cantidade sumarase aos 37.500 euros desta nova edición.

CUARTO. A segunda edición da iniciativa BONOS SON DA CASA 2020, estendeuse dende o 20 de novembro de 2020 e o 31 de xaneiro de 2021, ambos inclusive.

Ao remate da mesma, a Asociación de Comerciantes presentou o 30 de abril de 2021 a xustificación final da mesma, facendo constar no seu escrito a existencia ao remate da campaña, dun remanente de 945 Euros, solicitando se lle facilite un número de conta a efectos de facer o

ingreso de dita cantidade ao Concello de Vilagarcía.

Por tanto, resta como remanente correspondente a ámbalas dúas edicións do ano 2020 a cantidade total de 3.020 €, os cales deberían constar como crédito na aplicación orzamentaria correspondente.

QUINTO. Como se indicou no punto SEGUNDO da presente proposta, as circunstancias concorrentes ao longo do ano 2020, e especialmente os peches perimetrais establecidos regulamentariamente como consecuencia da emerxencia sanitaria, provocaron que moitas persoas non puideran facer uso dos bonos adquiridos.

SEXTO. Só serán susceptibles de troco os paquetes de bonos completos (pack de 30 €), non podéndose canxear os bonos soltos.

EXTO. Polo exposto a Xunta de Goberno acorda APROBAR O PROCEDEMENTO DE TROCO DE BONOS QUE SE PROPÓN A CONTINUACIÓN:

1º- Apertura dun prazo de 7 días naturais, a partir do acordo da XGL, para que as persoas titulares dos 28 bonos completos poidan solicitar o troco mediante instancia xenérica a través de rexistro de entrada ou por sede electrónica do Concello de Vilagarcía. A convocatoria farase a través de publicación en distintos medios de comunicación. Dos 28 bonos será transferida a Zona Aberta a cantidade de 840,00€ (30,00€ por bono)

2º- Finalizado o prazo, o Concello tramitará cos xestores da plataforma VIVETIX (TONIC TIME S.L.) a emisión dos paquetes de bonos correspondentes ás solicitudes de troco recibidas, aboando, con cargo ao crédito da aplicación orzamentaria 4311.470, a cantidade que corresponda ao importe de ditos bonos, previa factura emitida por parte empresa xestora da aplicación.

3º- Anular o sobranche da convocatoria e 2020 por importe de 2.211,76€.

4º- Verificada a identidade do titular dos bonos así como a exactitude e procedencia da súa petición, seranlle entregados no departamento de promoción económica a cantidade de bonos equivalente aos adquiridos e non gastados na 2ª edición de 2020.

#### **PRP2021/2316**

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas municipais de apoio á reactivación económica no sector hostalerío e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000023

SOLICITANTE: DUQUE CAFE BAR CB

NIF/CIF: E94113891

DIRECCION: Rúa SANTA EULALIA Nº: 28 BX

ESTABLECEMENTO: CAFÉ BAR DUQUE

Procedendo ao recoñecemento de obriga de pagamento a favor da mesma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311-470.

#### **PRP2021/2337**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rocio Louzán Blanco e/n de Zona Aberta, solicitando a convocatoria da Mesa Local de Comercio. A Xunta de Goberno Local acorda indicar que se celebrará a reunión o mércores 7 de xullo de 2021 ás 12.30 horas da mañá.

#### **PRP2021/2368**

Visto o informe da área de Promoción Económica, acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector

hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000081

SOLICITANTE: EL BAR DE TOÑO SC

NIF/CIF: J94204203

DIRECCION: Rúa A BALDOSA Nº: 8 BXO. - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600

Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECEMENTO: EL BAR DE TOÑO

Procedendo ao recoñecemento de obriga de pagamento a favor da mesma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311-470.

### **PRP2021/2388**

Dáse conta da seguinte proposta da Concellería de Pormoción económica:

PRIMEIRO. Dáse conta da solicitude a formular dentro do Plan Concellos 2021 da Deputación de Pontevedra - Solicitude de subvención liña 2 - Amortización de débedas e Financiamento a sectores desfavorecidos pola situación pandémica.

A devandita liña establece o seguinte:

Excepcionalmente poderán imputarse a esta liña 2 os gastos derivados do establecemento dunha liña de axudas para os sectores máis afectados pola pandemia que os Concellos consideren necesario coma a hostalería, o comercio, a cultura, o deporte, o ocio e o turismo.

A situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 e as medidas de contención sanitarias adoptadas xeraron unha situación de incerteza que está a afectar de modo notable a moitos sectores de actividade que viron e están a ver moi reducidas as súas oportunidades de negocio nunhas datas claves.

Por esta razón, excepcionalmente, os Concellos que así o soliciten poderán destinar, adicionalmente, ata o 20% da cantidade asignada na Liña 1 (6.000.000€), ao financiamento dun plan de axudas destinado aos sectores que consideren máis afectados no seu territorio, co obxectivo de dotar de liquidez a un motor da actividade económica e do emprego local que están a pasar por serias dificultades pola falta de ingresos.

No caso de financiamento a sectores afectados pola pandemia o prazo de solicitude abrangue dende o 18 de febreiro de 2021 ata ao 31 de decembro de 2021.

SEGUNDO. Na corrección de erros das bases das bases reguladoras das axudas municipais á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do CONCELLO DE VILAGARCIA publicada no boppo de 7 de abril de 2021, establécese na súa base SEXTA, o seguinte:

Base SEXTA. FINANCIAMENTO.

... Para o exercicio 2021, o importe máximo destinado ás axudas ascenderá a 200.000€, de acordo coa consignación orzamentaria procedente 4311.470 e serán cofinanciadas pola Deputación de Pontevedra a través da liña extraordinaria aberta do Plan Concellos 2021 da Deputación (PROXECTO DE GASTO (POS21(3)Nº 01/05/2021).

TERCEIRO. Tal como informou a Deputación de Pontevedra a través da comunicación remitida ao Concello de Vilagarcía relativa ao reparto adicional la LIÑA 2 do plan Concellos, a cantidade asignada por este concepto ao Concello de Vilagarcía é de CENTO NOVE MIL CENTO NOVENTA E UN, CON NOVENTA E OITO EUROS (109.191,98 €)

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda FORMALIZAR A SOLICITUDE DE AXUDA DENTRO DO PLAN CONCELLOS 2021 DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ,CORRESPONDENTE Á LIÑA 2 - AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS E FINANCIAMENTO A SECTORES DESFAVORECIDOS POLA SITUACIÓN PANDÉMICA, POR

CONTÍA DE 109.191,98 EUROS.

### **PRP2021/2406**

Dáse conta da Resolución ditada polo Xefe Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da Orde de 12 de abril de 2021(DOG 70 de 20/04/2021), pola que se acorda conceder ó Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención, polo importe global de 21.000,00€ para a contratación de 7 traballadores/as desempregados/as (Socorristas) durante 2 meses a tempo completo para a realización do Servizo denominado SALVAMENTO E SOCORRISMO 2021, o que supón unha redución tanto no número de traballadores a contratar, como na duración do período de contratación, polo que os custos a asumir polo Concello se incrementan respecto aos inicialmente calculados, dado que o Concello procedeu á contratación de 12 persoas desempregadas durante 3 meses, debendo aportar un total de 37.659,84€, correspondentes á diferenza nos custos salariais e de seguridade social máis a indemnización por cese.

- Total custo salarios e seguridade social: 58.659,84€

- Subvención concedida: 21.000,00 €

- Aportación Municipal: 37.659,84€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **XUVENTUDE**

#### **PRP2021/2415**

Dáse conta do erro no acordo da Xunta de Goberno Local de 14/06/2021 para desenvolvemento do programa de Campamentos Urbanos de verán para nenos de 3 a 7 anos.

Onde di:

A adxudicación ás seguintes Empresas:

- Órbita Infantil con CIF: J-15869233 con enderezo na Pza. Chavián, nº 5- baixo 15219 Bertamiráns- Ames (tlf.:981891897) por un importe de 15.537,95 € (ive do 10% engadido) para a realización de monitoraxe dos campamentos urbanos de verán para nenos/as de 3 a 7 anos, conforme ao orzamento presentado:

- 10.000 €, con cargo á partida 231.22643.

- 5.537,95 €, con cargo á partida 2314.22624.

Debe dicir:

A adxudicación ás seguintes Empresas:

- Órbita Infantil con CIF: J-15869233 con enderezo na Pza. Chavián, nº 5- baixo 15219 Bertamiráns- Ames (tlf.:981891897) por un importe de 15.537,90 € (ive do 10% engadido) para a realización de monitoraxe dos campamentos urbanos de verán para nenos/as de 3 a 7 anos, conforme ao orzamento presentado:

- 10.000 €, con cargo á partida 231.22643.

- 5.537,90 €, con cargo á partida 2314.22624.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o citado erro.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**



## **MEDIO AMBIENTE**

### **PRP2021/2373**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **MADERAS REDONDO, S.L.** para subministro de madeira para reparar a plataforma do chiringuito instalado na praia da Compostela, por un importe total de 4.310,53€ (IVE incluído), con cargo á partida 4591-212, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2021/2412**

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente e co fin de continuar coa campaña de concienciación ambiental, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa Teimas Desenvolvemento, S.L. a continuidade da citada campaña durante todo o ano 2021, de conformidade coa proposta presentada, por un importe total de 7.623,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.22799, coa realización dunha serie de accións consistentes en actividades de control, seguimento, monitorización, difusión e extensión da campaña.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2021/2413**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por IPLAY URBAN DESIGN, S.L para reposición de xogo deteriorado no parque infantil de Ravella, por un importe total de 4.484,20€ (IVE incluído), con cargo á partida 171.213, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **MULLER E PERSOAS MAIORES**

#### **PRP2021/2370**

Dáse conta de Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se resollen as subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade, publicada no DOG de 22 de xuño de 2021, concedendo a este Concello unha subvención de 45.000,00€ para o Programa de Apoio aos Centros de Información á Muller (CIM).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2021/2371**

Dáse conta da seguinte proposta da Concellería de Igualdade:

Con data 15 de febreiro aprobouse na XGL unha proposta da Área de Igualdade relativa á realización de dúas sesión DJ con Kris DJ e Señora DJ con motivo do 8M, para ser retransmitida

a través das redes sociais. (PRP 2021/438)

Detectado un erro na proposta, en relación a contía económica que se levou a aprobación e o coste real que se detallaba no orzamento presentado polo provedor

A xunta de Goberno Local acorda:

- Deixar sen efecto o acordo (PRP 2021/438) de data 15 de febreiro, na parte que afecta a actividade citada.
- A aprobación do gasto, de 544,50€ con cargo á partida 2312-22615, correspondente a Carlos Crespo Gómez, atendendo correctamente as contias que aparecen no orzamento.

## **CULTURA**

### **PRP2021/2389**

Dáse conta da proposta da Concellería de Cultura:

**PRIMEIRO:**

A Axencia Galega Das Industrias Culturais, publica no DOGA de 22 de xuño de 2021, Resolución do 11 de xuño, na que se establecen as bases de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o fomento das artes escénicas e musicais nos Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, con motivo do XACOBEO 21-22: CULTURA NO CAMIÑO.

Entre outras, nesta bases establececese:

- Segundo o publicado, as programacións incluídas nesa convocatoria deberán incluír como mínimo tres contratacións de dúas disciplinas de teatro, danza, música, novo circo ou maxia que deberán ter un orzamento, nos concellos de máis de 20.000 habitantes de 10.000€.
- O procedemento de concesión destas subvención tramitarase polo procedemento de concorrencia non competitiva de xeito abreviado e polo esgotamento do crédito de conformidade co previsto no artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non leva consigo o esgotamento de crédito nun só acto senón que a súa disposición realizarase en actos sucesivos e non se concederán novas axudas unha vez esgotado o crédito con independencia dunha publicación posterior deste aspecto polo órgano xestor, salvo que proceda o previsto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 xuño, de subvencións de Galicia.

**SEGUNDO:**

Segundo se establecen nas bases, para o inicio do procedemento: presentación de solicitudes:

- As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado.

**TERCEIRO:** Documentación complementaria, necesaria para achegar xunto coa solicitude:

- Documentación que acredite suficientemente a representación de quen asina a solicitude.
- Acreditación do cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais do exercicio 2019
- Certificación emitida e asinada electronicamente polo secretario ou secretaria da entidade local solicitante, en que se faga constar o acordo do concello polo que se solicita a subvención, así como o compromiso de financiar o importe ou parte non subvencionable obxecto da actividade ata o importe total de execución.

**CUARTO:** PRAZOS

O prazo para a presentación da solicitude, xunto coa documentación complementaria é un mes desde o día seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria.

Polo exposto

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de 3 actuacións, unha vez recibida notificación de que o Concello de Vilagarcía é beneficiaria desta subvención para a programación de distintas actividades incluída no XACOBEO 21-22: CULTURA NO CAMIÑO e asimesmo faise constar o compromiso do Concello de financiar o importe ou parte non subvencionable, sendo necesario para a acompañar a solicitude a documentación indicada no punto 3 desta proposta.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2021/2322**

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo, mobilidade e Xestión dos Fondos Europeos para adxudicación do proxecto modificado da obra "Reparación da Terraza do Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa":

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 26 de decembro de 2018, aprobou a Memoria Técnica Valorada do investimento denominado "REPARACION DA TERRAZA DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA" redactado polo Arquitecto Técnico D. José Manuel Millán Armas, cun orzamento total de 268.670,36€ (IVE engadido).

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de outubro de 2020, adxudicouse á empresa CYS HISPANIA, S.L. o contrato de obras denominado "REPARACION DA TERRAZA DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA" financiado pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018/19, por un importe de 158.571,75 €, ó que lle corresponde un IVE (21%) de 33.300,06 €, o que totaliza un importe (IVE engadido) de 191.871,82 €, de conformidade coa súa oferta.

Polo director de obra presentouse, con data 30 de abril de 2021, proxecto modificado de obras de Reparación da terraza do auditorio municipal do concello de Vilagarcía de Arousa, que ascende a 310.749,06€ (IVE excluído). Unha vez aplicada a porcentaxe de baixa (28,5846%) e o imposto do valor engadido, resulta un proxecto modificado cuxo importe ascende a 268.526,18€ (IVE engadido), é dicir, supón un incremento de 76.654,36€, sobre o orzamento de adxudicación do contrato inicial.

A Xunta de Goberno en sesión celebrada o 10 de maio de 2021 aprobou o citado proxecto modificado de "Reparación de terraza do auditorio municipal de Vilagarcía de Arousa", redactado por D. José Manuel Millán Armas, que supón un incremento de 76.654,36€ (39,95%) sobre o prezo do contrato inicial, polo que é preciso contar coa conformidade do contratista, que neste caso consta mediante a súa sinatura no proxecto modificado e nos seus prezos.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do día 18 de xuño de 2021, acordou, por unanimidade, a aprobación do proxecto modificado do investimento citado, incluído no Plan Concellos 2018/2019, anualidade 2019; ademais, acordou autorizar que o incremento do custe do proxecto modificado sobre o adxudicado, que ascende a 76.654,36 € (39,95%), se financie con cargo á baixa habida na adxudicación do contrato.

Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 109.3 da LCSP debe reaxustarse a garantía depositada polo adxudicatario do contrato, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados dende a data na que se notifique o acordo de modificación do contrato.

Debe tamén engadirse, que o prazo máximo para ter remados os investimentos financiados con

cargo ao Plan Concellos 2018/2019 remata o 31 de xullo de 2021, polo que non é posible a execución, tanto do proxecto principal como do presente proxecto modificado por riba desa data. Constan no expediente os informes do Sr. Arquitecto municipal e da Sra. Secretaria Xeral do Concello.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar á empresa CYS HISPANIA, S.L. o contrato de obras modificado denominado "REPARACION DA TERRAZA DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA" financiado por la Excm. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo á baixa habida na adxudicación do contrato no Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018/19, por un importe de 221.922,46 €, ó que lle corresponde un IVE (21%) de 46.603,72 €, o que totaliza un importe (IVE engadido) de 268.526,18 €, con cargo á partida 334-63200. Ascendendo o importe da modificación á catidade de 76.654.36€ (ive engadido)

2.- Requerir a CYS HISPANIA, S.L. para que no prazo de 15 días naturais, contados a partir do seguinte á notificación do acordo de modificación do contrato, proceda ao reaxuste da garantía polo importe de 3.167,54€, e asímesmo indicarlle que as obras na súa totalidade deben estar executadas o día 31 de xullo de 2021.

### **PRP2021/2325**

Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira de Promoción Económica, Emprego e Industria para adxudicar o contrato denominado reordenación da sinalización viaria do P.E. de Trabanca Badiña.

No Diario Oficial de Galicia número 4, do 8 de xaneiro de 2021, publicouse a Orde do 18 de decembro de 2020, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Polo enxeñeiro técnico industrial don Óscar Álvarez González redactouse a memoria valorada denominada "REORDENACIÓN DA SINALIZACIÓN VIARIA DO P.E. DE TRABANCA BADIÑA", cun orzamento (IVE engadido) de 16.670,81 €.

Por Resolución, do 12 de maio de 2021, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, concedeuse ao concello de Vilagarcía de Arousa subvención, para o investimento arriba referido, por importe de 13.336,65€.

Solicitadas ofertas as seguintes empresas especializadas neste tipo de traballos, achegan os seguintes:

Licitador	Oferta excluído	IVE IVE 21%	Oferta IVE engadido
Señalizaciones y Balizamientos de Galicia, S.A.	12.320,00€	2.587,20€	14.907,20€
Señalizaciones La Fuente	13.016,53€	2.733,47€	15.750,00€
Aceinsa Salamanca, S.A.	13.777,53€	2.893,28€	16.670,81€

Visto o que antecede proponse a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato de Reordenación da sinalización viaria no parque empresarial de Trabanca Badiña, á mercantil Señalizaciones y Balizamientos de Galicia, S.A. (A36617942), por importe (IVE excluído) de 12.320,00€, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 2.587,20€ o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 14.907,20€, con cargo á partida 433-61900

2.- Nomear director de obra ao enxeñeiro técnico don Óscar Álvarez González

## PRP2021/2418

Dáse conta do expediente de contratación CT 11/2021-e tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado e tramitación ordinaria e mediante licitación electrónica, para adxudicar as obras incluídas no proxecto denominado "Suministro dun sistema de cámaras con lector de matrículas para control de infraccións de tráfico", cun orzamento de licitación de 30.855,00€ (IVE engadido), e dos licitadores presentados, seguintes:

CIF: A80015506 TRADESEGUR, S.A.

Una vez examinada a documentación presentada polos licitadores, comprobouse que a mesma é correcta, polo que o órgano de asistencia acorda admitir á única empresa presentada: CIF: A80015506 TRADESEGUR, S.A.

